



MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E AS OFICINAS LIQUIDADORAS DE DISTRITO HIPOTECARIO DA PROVINCIA DE A CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Sa. Directora da Axencia Tributaria de Galicia **DECLARA:**

Que a Axencia Tributaria de Galicia e as Oficinas Liquidadoras do Distrito Hipotecario de A Coruña teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2018 se ben se prevé que se poderá acordar que a súa vixencia se prorrogue un ano.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración apropiado entre a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (en adiante, OLDH) cuxo ámbito territorial se atope na provincia de A Coruña coa finalidade de facilitar ás oficinas as tarefas de aplicación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, ao mesmo tempo que se mellora a eficiencia na prestación dos servizos encomendados ás mesmas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a vixencia do Convenio subscrito entre a Axencia Tributaria de Galicia e as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario o 16 de decembro do 2016 finaliza o 31 de decembro de 2017, polo que resulta necesario proceder a dar novo tratamento ás relacións entre ambas.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de novembro de 2017.